O.J.D.: No hay datos
E.G.M.: 87000
Tarifa (€): 1445

Galicia Hoxe

Fecha: 20/01/2010
Sección: GALICIA
Páginas: 9
ENE.10.135

TURISMO Roberto Varela xustifica a escasa referencia a Santiago nos spots do Xacobeo asegurando que Galicia é menos coñecida que Compostela, polo que precisa de máis apoio

O "PESADELO" DE VARELA

CARGA CONTRA O GOBERNO CENTRAL POLA FALTA DE DIFUSIÓN DO EVENTO NA UNIÓN EUROPEA

Redacción · Santiago/A Coruña

"Isto é unha película na que Santiago é o protagonista e o demais é o escenario". Desta forma rebateu onte o conselleiro de Cultura, Roberto Varela, as críticas contra a campaña publicitaria do Xacobeo, na que a presenza de Santiago queda *reducida á mínima expresión*. Fíxoo no Forum Europa, Tribuna Galicia, curiosamente na Coruña onde quizais non esperaba preguntas respecto diso, sendo unha delas a do voceiro popular no concello compostelán, Gerardo Conde Roa. "A base da crítica é incorrecta" porque "a campaña para a promoción do Xacobeo se fixo baseada na promoción de Galicia", xa que "non vai haber outro Xacobeo ata o 2021", argumentou Varela, quen pensa que Santiago o coñece todo o mundo e é Galicia o que se coñece menos, e dubido moito que haxa visitantes que veñan a Galicia e non vaian a Santiago".

GUSTAVO CUEVAS/EFE

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, segundo pola esquerda e na imaxe, durante a súa intervención no foro Excelsur, onte en Madrid

Nega discriminar a capital, que ten o 70% dos eventos

"En canto á programación teño que discrepar máis", salientou o conselleiro *quen indicou que "practicamente* máis de 10 millóns de euros van á a cidade de Santiago que absorberá o 60 ó 70% de todos os actos". "Pensamos un Xacobeo descentralizado, e isto non quere dicir que discrimine a cidade de Santiago", porque "todos os concellos, en especial polos que pasan os camiños, teñen dereito a gozar da programación e polo tanto é inxusta a crítica", manifestou. Foi entón cando o moderador leu a pregunta de Conde Roa de por que cre que existe a sensación de que Santiago quedou indebidamente tratada no Ano Santo. "Eu sigo insistindo en que... de verdade isto é un pesadelo, ... Santiago non quedou indebidamente tratada no Xacobeo".

Varela recoñeceu que na estratexia publicitaria "non temos que esquecernos do resto de Galicia, o Xacobeo é un fenómeno galego, relixioso, espiritual pero tamén económico e non podemos deixar de lado ó resto de Galicia", e foi tallante: "Dóeme que se diga que se está discriminando á cidade de Santiago porque é absurdo". "É certo que a campaña está baseada en Galicia como concepto, como país, e que a atención a Santiago é pequena pero ninguén dubida que o turista que vén a Galicia acaba en Santiago", dixo Varela. Para quen si tivo críticas o conselleiro de Turismo foi para o Goberno central, a quen acusou de "discriminar" a Galicia na programación cultural deseñada con motivo da Presidencia de España da UE e denunciou tamén o seu "escaso apoio" á comunidade autónoma galega con motivo da celebración do Xacobeo. Varela acusou o Executivo central de "falta de visión estratéxica" na planificación da programación cultural pola Presidencia da UE e lamentou que "non colabore para lograr un éxito colectivo", afirmou ao soster que "apoiar máis o Xacobeo sería potenciar o crecemento interrexional".

PSOE culpa a Feijóo da escasa repercusión do Ano Santo

A reacción a estas críticas non se fixeron esperar dende o PSdeG. A voceira de Comercio, Turismo e Consumo do grupo parlamentario dos socialistas de Galicia, María Quintas, acusou a Xunta de "eludir as súas responsabilidades" na celebración do Xacobeo. A parlamentaria socialista mostrou a súa "sorpresa" polas manifestacións de Varela "responsabilizando o Goberno central da súa propia ineficacia de xestión da conmemoración do Xacobeo". Sinala a socialista que a Xunta "elude exercer as súas competencias" mentres o Goberno estatal "aproba exencións fiscais, apoia o goberno de Galicia na promoción do Xacobeo e pon en marcha plans e liñas de axuda para o turismo". ●

FORO EXCELTUR

Feijóo sinala o Plan de Litoral como puntal da marca turística 'Galicia'

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou onte en Madrid a importancia do Plan de Acción de Turismo de Galicia 2010-2013 e o Plan do Litoral nos próximos anos. Durante a súa intervención no Foro de Liderado Turístico de Exceltor, sinalou que "con eles, Galicia espera potenciar a marca 'Galicia' e acadar un incremento do peso do turismo *non* PIB da comunidade".

Neste sentido, Feijóo apuntou que o Plan de Acción de Turismo se apoiará en catro puntos –ordenamento, mercadotecnia, desenvolvemento sectorial e políticas *de produto–, que se levarán a ca*bo a través de 80 medidas específicas. "Trátase dun plan acordado por sindicatos, empresarios, profesionais, institucións públicas e privadas, asociacións e políticos, que traballaron conxuntamente na elaboración desta folla de ruta", apuntou Feijóo.

O plan desenvolverá 80 accións específicas, das que o presidente da Xunta destacou cinco: "A recuperación e o impulso da marca 'Galicia', entendéndoa como algo universal que faga dá comunidade unha autonomía única e global; unha nova política aeroportuaria, co desenvolvemento dun plan de promoción turística específico con conexións aéreas directas; un Xacobeo permanente, asociado indisolublemente as nosas raíces e a nosa cultura; a potenciación do termalismo, que concentra en Galicia o 20% dáa oferta nacional; e a redacción de plans específicos para o turismo náutico e o golf".

Así mesmo, e respecto ó Plan do Litoral, o presidente da Xunta *destacou que se trata dun* "proxecto estratéxico para Galicia, fundamentado na beleza do noso litoral, que é un dous maiores activos dá industria turística galega". "O Plan do Litoral permitirá a ordenación do 7,2% da superficie total de Galicia, desenvolvendo e protexendo 212.000 hectáreas, case tres veces máis ca lei dos 500 metros promovida polo bipartito", explicou o presidente da Xunta.

O DATO

A axenda da presidencia da UE esquece a capital

A frase de que "Europa se fixo *peregrinando a Santiago*", obra de Goethe, débelles de soar a chinés ós responsables da programación da presidencia española da Unión Europea, que deixaron a Compostela, en pleno Ano Santo, fóra dunha axenda que reparte reunións e cumios con xenerosidade por toda a xeografía española. A meta do Camiño –recoñecido polo Consello de Europa como o Primeiro Itinerario Cultural Europeo–, queda sen unha triste reunión informal ou un cumio das que se sementaron pola península. *En Galicia haberá* dúas destas reunións, unha na Coruña, protagonizada polos ministros de Transportes, e outra en Vigo, á que asistirán os responsables de Pesca. O resto de encontros celebraranse en cidades como Toledo, Granada, Barcelona, San Sebastián, Córdoba, Valencia ou Málaga. Ata Mérida será sede dunha reunión de ministros, concretamente os de Agricultura.